



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Metodoloxía do rendemento deportivo		Código	620G01024
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Educación Física e Deportiva			
Coordinación	Martin Acero, Rafael	Correo electrónico	rafael.martin@udc.es	
Profesorado	Martin Acero, Rafael	Correo electrónico	rafael.martin@udc.es	
Web	http://www.cienciaatletica.org/index.asp			
Descrición xeral	Para unha mellor comprensión do alcance que se pretende dar aos obxectivos de carácter xeral que se formulan para esta materia, estes van ser distribuídos de acordo a unhas categorías, que representan ás dimensións máis importantes da formación do estudante no que concirne ao adestramento deportivo e, que se intentan atender no desenvolvemento desta materia. Estas categorías encóntranse en relación con obxectivos vinculados a: . Os aspectos teóricos, conceptuais e científicos do adestramento: o coñecemento das perspectivas teóricas máis importantes e dos enfoques e particulares modelos de adestramento a que deron lugar, é algo necesario para poder comprender axeitadamente e abordar cun espírito crítico e construtivo a función docente neste ámbito. Así mesmo a investigación sobre o adestramento deportivo atense na actualidade a uns paradigmas dos cales se derivan unhas certas liñas de investigación máis abordadas e dunha utilidade e aplicación moi diversa dependendo do contexto de adestramento dentro do ámbito da actividade física e o deporte que se adopte como referencia. . A fundamentación metodolóxica específica do adestramento neste ámbito: Os aspectos metodolóxicos básicos e en consecuencia a metodoloxía do adestramento neste ámbito, apóianse nas bases e fundamentos que xustifican unha metodoloxía específica para este campo de actuación docente. Neste sentido podemos contemplar unha dobre vertente: por unha parte aquela que conecta coa especificidade dos procesos de desenvolvemento e aprendizaxe relativas á motricidade: por outra parte á necesaria adaptación á peculiaridades deste ámbito de aspectos xerais relativos á interacción docente - estudante e á organización xeral da práctica. . O deseño e práctica do adestramento neste ámbito: A planificación, impartición e avaliación do adestramento neste ámbito ten que considerar en primeiro lugar a necesidade de adaptarse aos diferentes ámbitos nos que se leva a cabo, mediante os deseños que resulten máis axeitados (adaptativos) en cada momento e situación. Por outra parte isto leva consigo un principio de permanente innovación e exercicio da creatividade para superar os retos do presente e anticipar os do futuro. Todo o cal constitúese en pautas ineludibles para o establecemento dos obxectivos propios da materia que nos ocupa. . A formación persoal do estudante como profesional creativo e reflexivo e o acceso á información relativa a esta materia: Toda formación orientada cara ao exercicio dunha profesión leva implícita un complexo proceso de desenvolvemento de valores e actitudes axeitados aos labores que se deben realizar e ao feito, neste caso, da responsabilidade que se ostenta sobre os efectos que o adestramento produza nos estudantes. Ante todo é necesario fomentar un talante de continua indagación- reflexión sobre os coñecementos relativos ao adestramento e os efectos da súa aplicación. Nunha realidade sempre dinámica e cambiante este será o recurso indispensable do profesional para estar ao día consigo mesmo, coa súa profesión e co ámbito social que o rodea. En todos os aspectos do coñecemento humano na actualidade, a cantidade de información que se xera é considerable, de forma que para ter a necesaria actualización é preciso dispoñer non só dos recursos e medios axeitados senón tamén do coñecemento de como usalos onde se encontran e en que consisten. No que concirne ao adestramento deportivo isto ten unhas canles e recursos básicos cuxo coñecemento pode resultar de grande interese ao alumno.			



Competencias do título

Código	Competencias do título
A19	Planificar, desenvolver, controlar e avaliar técnica e cientificamente o proceso de adestramento deportivo nos seus distintos niveis e nas diferentes etapas da vida deportiva, de equipos con miras á competición, tendo en conta as diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres e a influencia da cultura de xénero na actuación do adestrador e nos deportistas.
A27	Aplicar os principios cinesiolóxicos, fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais nos contextos educativo, recreativo, da actividade física e saúde e do adestramento deportivo, recoñecendo as diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres e a influencia da cultura de xénero nos hábitos de vida dos participantes.
A31	Realizar a análise funcional da conduta nos contextos deportivos, educativos ou de exercicio físico para a saúde, como paso previo á intervención psicolóxica.
B1	Coñecer e posuír a metodoloxía e estratexia necesaria para a aprendizaxe nas ciencias da actividade física e do deporte.
B2	Resolver problemas de forma eficaz e eficiente no ámbito das ciencias da actividade física e do deporte.
B3	Traballar nos diferentes contextos da actividade física e o deporte, de forma autónoma e con iniciativa, aplicando o pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Trabajar de forma colaboradora, desenvolvendo habilidades, de liderado, relación interpersoal e traballo en equipo.
B5	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán.
B6	Dinamizar grupos nos diferentes ámbitos do exercicio profesional.
B7	Xestionar a información.
B8	Desenvolver hábitos de excelencia e calidade nos diferentes ámbitos do exercicio profesional.
B9	Comprender a literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte en lingua inglesa e en outras linguas de presenza significativa no ámbito científico.
B10	Saber aplicar as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
B11	Desenvolver competencias para a adaptación a novas situacións e resolución de problemas, e para a aprendizaxe autónoma.
B12	Coñecer os principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional e actuar de acordo con eles.
B13	Coñecer e aplicar metodoloxías de investigación que faciliten a análise, a reflexión e cambio da súa práctica profesional, posibilitando a súa formación permanente.
B15	Comprender e saber utilizar as importantes posibilidades que a educación física e o deporte teñen para xerar hábitos sociais e valores democráticos (coeducación de xéneros, respecto á diversidade social e cultural, cooperación, competición respectuosa, compromiso co contorno?).
B16	Dominar habilidades de comunicación verbal e non verbal necesarias no contexto da actividade física e o deporte.
B18	Comprometerse e involucrase socialmente coa súa profesión e en concreto, coa situación actual da actividade física e o deporte na educación formal; coa xestión do centro educativo; cos seus compañeiros (traballo cooperativo) e con aqueles aos que educa.
B19	Exercer a profesión con responsabilidade, respecto e compromiso.
B20	Coñecer, reflexionar e adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e o traballo en equipo a partir das prácticas externas en algún dos principais ámbitos de integración laboral, en relación ás competencias adquiridas no grao que se verán reflectidas no traballo fin de grao.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título
---------------------------	------------------------



Coñecer, comprender dun modo crítico as diferenzas e complementariedade entre a Tª Xeral do Adestramento e a Metodoloxía do Rendemento Deportivo e as súas influencias na construción do coñecemento aplicado na práctica do adestramento deportivo (e aspectos do adestramento de cativas, mozas, e mulleres)	A19	B1	C1
	A27	B2	C3
	A31	B3	C4
		B4	C5
		B5	C6
		B6	C7
		B7	C8
		B8	
		B9	
		B10	
		B11	
		B12	
		B13	
		B15	
		B16	
		B18	
		B19	
Comprender e identificar os principios pedagóxicos do adestramento deportivo e a súa aplicación ás especialidades deportivas psicomotrices e sociomotrices: Mapas Conceptuais	A19	B1	C1
	A27	B2	C4
	A31	B3	C5
		B4	C6
		B5	C7
		B7	C8
		B8	
		B9	
		B11	
		B12	
		B13	
		B15	
		B16	
		B18	
		B19	
Comprender, saber identificar, deseñar as unidades sistémicas da organización do proceso de adestramento (principios de planificación), para tomar decisións en programas complexos con equipos ou deportistas de niveis de especialización e rendemento.	A19	B1	C1
	A27	B2	C3
	A31	B3	C4
		B4	C5
		B5	C6
		B6	C7
		B7	C8
		B8	
		B9	
		B10	
		B11	
		B12	
		B13	
		B15	
		B16	
		B18	
		B19	
		B20	



Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1. Metodoloxía do Rendemento Deportivo: Epistemoloxía, obxecto de estudo. Reconceptualización sistémica. Investigación-Acción	SUBTEMA 1. Epistemoloxía e obxecto de estudo. 1.1.Sentido restrinxido e amplo do adestramento. 1.2.Objeto de estudo SUBTEMA 2. Reconceptualización sistémica e Investigación 2.1. Reconceptualización Sistémica: Sistema de Adestramento, Sistema Deportista, Sistema Adestrador/Deportista 2.2. A Metodoloxía do Rendemento Deportivo como Investigación- Acción (I.A).
TEMA 2. Principios do adestramento e da competición deportiva.	SUBTEMA 1. Principios biolóxicos do adestramento, e Principios metódico-didácticos do adestramento SUBTEMA 2. Lei Xeral de Adaptación e Principios Biolóxicos 2.1. Teoría do Estrés 2.1.Modelos de adaptación: carga, resposta, fatiga, recuperación completa ou incompleta. 2.3. Curvas/tipo de adaptación
TEMA 3. Aplicación sistémica dos principios metódico-didácticos do adestramento e da competición	SUBTEMA 1. Clasificacións organicistas de Principios do Adestramento 1.1. Principios xerais e específicos 1.2. Principios básicos e complementarios 1.3. Principios biolóxicos e pedagóxicos SUBTEMA 2. Clasificacións organizacionistas de Principios do adestramento 2.1. Segundo causas, efectos, ou transcurso do tempo 2.2. Segundo os Sistemas: Actividade de Competición (SAC); Deportista (SD); de Adestramento da Especialidade (SE); da relación adestrador/deportistas (SE/D); etc.
TEMA 4. Comprender, saber identificar, deseñar e realizar a correcta e avanzada administración das unidades sistémicas e dos instrumentos multidisciplinares de planificación, programación, avaliación e control	SUBTEMA 1. Causas e condicións de cambios periódicos no proceso de adestramento. 1.1. O carácter obxectivo da periodización. 1.2. Periodización e condicións climáticas. 1.3. Periodización e calendario de competicións. 1.4. O concepto de forma deportiva: As fases da forma, e os períodos de adestramento. 1.5. Avaliación da forma. 1.6. A Mestría deportiva. SUBTEMA 2. Os principios xerais da estrutura do adestramento. 2.1. Unidade da formación especial e xeral do deportista. 2.2. Carácter continuo do proceso de adestramento 2.3. Dinámicas ondulatorias das cargas. SUBTEMA 3. Bases dos elementos de organización do adestramento. 3.1. Microestrutura: Os exercicios, os métodos, as sesións, as unidades diarias, e os microciclos 3.2. Mesoestrutura: Mesociclos. Bloques. 3.3. Macroestrutura na tempada: Períodos (Estudo de Matveev) 3.4. Macroestrutura en vida do deportista. Etapas: de especialización inicial, de especialización profunda, de alto rendemento.



TEMA 5- Coñocer a toma de decisións en proxectos complexos con equipos ou deportistas de niveis de especialización profunda e de alto rendemento	SUBTEMA 1. Deportes Psicomotores: Etapa de Especialización profunda e Alto Rendemento. 1.1. Modelos: carga diluída (Matveev); alternancia e oscilación (Arosejev), resistente ó choque e volume de intensidade (Vorobjev) 1.2. Modelos de individualización e concentración de cargas (Verchosanski); Acumulación, Transformación, Realización (Issurin, Kaverin); ciclizaçao individualizada (Bondarciuk) SUBTEMA 2. Deportes Sociomotrices, curto e longo período de competición. 3.1. Modelos Estigmáticos: microestrutura de Seirul-lo; Morfociclo de Frade. 3.2. Vantaxes e limitacións: facer adestramento completo 3.3. Composición do Plan Competicións.
--	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Proba obxectiva	A19 A27 A31	2	5	7
Traballos tutelados	A27 A31	6	21	27
Traballos tutelados	B3 B4 B6	3	10	13
Traballos tutelados	B8 B10	4	0	4
Sesión maxistral	A27 B15 B18	30	28	58
Sesión maxistral	A19 B16 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	6	33	39
Proba práctica	A19 A31 B1 B2 B4 C1 C3 C4	2	0	2
Atención personalizada		0	0	0
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas, que permiten avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. Aplicarase tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa. Pode combinar distintos tipos de preguntas, o so uno: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Traballos tutelados	
Traballos tutelados	
Traballos tutelados	En grupos medianos e pequenos. E individual. Formación en grupos medianos na ferramenta Conceptual Map, e traballos elaborados a través da construción de Mapas Conceptuais: 2 de microgrupo e 2 individuais.
Sesión maxistral	
Sesión maxistral	Impartición, análise de documentos, repostas a preguntas, presentacións, etc.
Proba práctica	Realización de varios mapas conceptuais re-ordenando funcional e xerarquicamente coñecementos sobre o sistema de actividade de competición dun deporte e o seu contexto, e dos principios fundamentais para adestrar ese deporte, no contexto elixido.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Proba práctica	A atención personalizada (AP) adquire relevancia especial nunha materia metodolóxica como esta. A (AP) está concibida para o encontro directo entre estudante e profesor. A AP desenvolverase ao longo da impartición da materia, indicándose axeitadamente a relación con cada metodoloxía. Nas actividades iniciais establecerase a primeira quenda e calendario de (AP), posteriormente establecerase para os traballos tutelados, e os mapas conceptuais.
----------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba práctica	A19 A31 B1 B2 B4 C1 C3 C4	Realización de varios mapas conceptuais re-ordenando funcional y jerárquicamente conocimientos sobre el sistema de actividad de competición de un deporte y su contexto, y de los principios fundamentales para entrenar ese deporte, en el contexto elegido.	50
Proba obxectiva	A19 A27 A31	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe dos contidos e competencias da materia (saber, saber hacer, saber decir) cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas.	50

Observacións avaliación



A avaliación continua

(traballos tutelados, mapas conceptuais, atención personalizada), contempla:

- A función diagnóstica, formativa e sumativa.
- Se realizan en diferentes momentos: no inicio, durante e finalizar o proceso de adestramento.
- Utilízanse diversos procedementos e instrumentos para a recollida de información.

A proba obxectiva é un

instrumento de medición, debidamente desenvolvido, que permite avaliar coñecementos, habilidades, habilidades, rendemento, aptitudes, actitudes, etc. e de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa e sumativa, e pode combinar diferentes tipos de preguntas: preguntas de elección múltiple, orde, resposta curta, discriminación, conclusión e / ou asociación. Tamén pode construír con só un tipo de unha destas preguntas. Nos Mapas Conceptuais, o traballo individual será avaliado e no grupo, tanto para a avaliación diagnóstica, formativa e sumativa. A atención personalizada (AP) será avaliada a partir da participación, tanto para a avaliación diagnóstica, formativa e sumativa.

Anotacións:

- 1- Na primeira e segunda oportunidades, os traballos tutelados e na proba práctica deben acadar polo menos o 60% da súa cualificación para obter unha cualificación igual ou superior á aprobada.
- 2- As obras supervisadas e / ou as probas obxectivas aprobadas só teñen validez en cada unha das chamadas.
- 3- Na primeira e segunda oportunidade, o alumno que alcanzou o mínimo de asistencia ás clases establecidas na Memoria do Titulado sempre terá dereito a unha avaliación final.
- 4- Os alumnos matriculados en segunda convocatoria ou máis, optarán polo sistema de avaliación continua ou por unha única proba final obxectiva que terá un valor do 100% da nota.
- 5- Os alumnos con expectativa de Rexistro de Honor deberán entregar no ficheiro de texto (rafael.martin@udc.es), antes da data do exame do seu semestre. O traballo será unha extensión, profundización ou aplicación de calquera dos temas da axenda da Guía. Este traballo pode ser consultado e seguido en titorías co profesor.
- 6- O alumno responderá a proba escrita na lingua que elixan: galego ou español. O profesor dará as preguntas de proba escritas en español. Se calquera estudante desexa obtela en galego, deberá solicitalo do profesor sete días naturais antes da data oficial establecida para a proba escrita.

Fontes de información



Bibliografía básica	TEMA 1. Metodoloxía do Rendimento Deportivo: Epistemoloxía, obxecto de estudo. Reconceptualización sistémica. Investigación.- LIBROS: o Matveev, L.P. (1965) Periodización del Entrenamiento Deportivo, Edt. INEF de Madrid, Madrid, 1977. o González-Ravé, Pablos Abella, y Navarro Valdivielso (2014), Entrenamiento Deportivo: Teoría y prácticas, Edt. Médica Panamericana, Madrid- ARTÍCULOS: o Martín Acero, R., Vittori, C. (1997a). Metodología del Rendimiento Deportivo (I): Sentido, definición y objeto de estudio. Revista de Entrenamiento Deportivo/RED, XI(1), 5-10. o Martín Acero, R., Vittori, C. (1997b). Metodología del Rendimiento Deportivo (II): Reconceptualización sistémica. Revista de Entrenamiento Deportivo/RED, XI(2), 35-40. o Martín Acero, R., Vittori, C. (1997c). Metodología del Rendimiento Deportivo (y III): Formación y entrenamiento, Investigación-Acción. Revista de Entrenamiento Deportivo/RED, XI(4), 37-43. TEMA 2. Principios do adestramento e da competición deportiva.- LIBROS: o Matveev, L.P. (1965) Periodización del Entrenamiento Deportivo, Edt. INEF de Madrid, Madrid, 1977. o González-Ravé, Pablos Abella, y Navarro Valdivielso (2014), Entrenamiento Deportivo: Teoría y prácticas, Edt. Médica Panamericana, Madrid o Manno R. (1991) Fundamentos del entrenamiento deportivo. Ed. Paidotribo, Barcelona TEMA 3. Aplicación sistemática dos principios metodólicos-didáctico de adestramento e competición.- LIBROS: o Grosser, Starischka y Zimmermann., Principios del entrenamiento deportivo. Ed. Martínez Roca, Barcelona, 1988. o González-Ravé, Pablos Abella, y Navarro Valdivielso (2014), Entrenamiento Deportivo: Teoría y prácticas, Edt. Médica Panamericana, Madrid TEMA 4. Comprender, saber como identificar, deseñar e facer a correcta e avanzada xestión das unidades sistémicas e das ferramentas multidisciplinares de planificación, programación, avaliación e control.- LIBROS: o González-Ravé, Pablos Abella, y Navarro Valdivielso (2014), Entrenamiento Deportivo: Teoría y prácticas, Edt. Médica Panamericana, Madrid o Matveev, L.P. (1965) Periodización del Entrenamiento Deportivo, Edt. INEF de Madrid, Madrid, 1977 - ARTÍCULOS: o Seirul-lo, F. (1987) Opción de planificación en los deportes de largo periodo de competición RED Revista de Entrenamiento Deportivo, Vol 1, nº 3 o Tschien P. (1985) La estrategia dell'allenamento giovanile. Ed. Atleticastudi 3-4, Roma TEMA 5- Coñocer como xestionar e tomar decisións en proxectos complexos con equipos ou deportistas niveis profunda expertise e alto rendemento.- LIBROS: o González-Ravé, Pablos Abella, y Navarro Valdivielso (2014), Entrenamiento Deportivo: Teoría y prácticas, Edt. Médica Panamericana, Madrid o Matveev, L.P. (1965) Periodización del Entrenamiento Deportivo, Edt. INEF de Madrid, Madrid, 1977 - ARTÍCULOS: o Seirul-lo, F. (1987) Opción de planificación en los deportes de largo periodo de competición RED, Vol 1, nº 3 o Tschien P. (1985) La estrategia dell'allenamento giovanile. Ed. Atleticastudi 3-4, Roma
Bibliografía complementaria	Bosco, C. Aspectos fisiológicos de la preparación física del futbolista. Editorial Paidotribo (1991) De Mata, F. Control del entrenamiento y la competición en fútbol. Edit. Gymnos (1982). Ehlenz, Grosser y Zimmermann, Entrenamiento de la fuerza. Ed Martínez Roca, Barcelona (1990) Martin, N.; Lizaur, P.; Padial, P. La formación y desarrollo de las cualidades físicas. En: Entrenamiento deportivo en edad escolar (pp.59-88). Unisport. Málaga (1989) Mcardle, W, et al. Fisiología del ejercicio: Energía, nutrición y rendimiento humano. Alianza Deporte. Madrid. (1990). Seirul-lo, F. La Preparación Física del Balonmano. (Cuadernos Técnico/Pedagógicos de INEFG. A Coruña (1992). Verchosanskij J.V. Lo sviluppo della forza specifica nello sport. Ed. Atletica Leggera, Vigevano (1984).

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Pedagogía da actividade física e do deporte/620G01001 Aprendizaxe e control motor/620G01012 Fisioloxía do exercicio I/620G01013
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Teoría e práctica do adestramento deportivo/620G01037 Avances no adestramento de forza e resistencia (optativa)/620G01043
Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías